

FINS DO MUNDO



Salvador Rodríguez

A unha familia mariñeira,
a miña

Salvador Rodríguez

Nado en Bueu (Pontevedra) o 2 de outubro de 1963. Licenciado en Periodismo pola Facultade de Ciencias da Información da Universidade Complutense de Madrid.

Enceta a súa actividade profesional na prensa en "Atlántico Diario" e "Diario de Galicia". En 1988 pasa a formar parte da Redacción de "Faro de Vigo". Neste xornal desempeñaría, de 1991 a 1994, cargo de responsábel das áreas de Sociedade, Cultura e Espectáculos. A partir dese ano coordina os suplementos culturais e de fin de semana.

Finalista do XXIII premio "Antonio Machado" de relatos cursos convocado pola Fundación de Ferrocarriles Españoles en 1998. Terceiro Premio Julio Camba de Xornalismo no ano 2000.

Salvador Rodríguez

FINS DO MUNDO

Vénse de saber
Que os homes acaban de matarse os uns aos outros
Que xa non existe mundo coñecido
Nin nai que o pariu

Que estouparon
Tronaron de mañá
Doce mil bombas atómicas e unha pelota de goma
Entre velliños con bastón
(cirúrxico)
E mulleres violadas, na metade das rúas
Por bandidos con pistolas e discursos

Disque xa non queda nada
Asasinaron ao derradeiro poeta, tamén
Dun tiro na caluga
(polas costas)
E agonizou ensanguentado, a carballeira aberta

O mesmo día que as cereixas vermellas caeron das árbores
[de metralla
As verbas eran só
Ósos rachados de esqueleto

Eu nacín alomenos cincocentas veces
Todas elas de parto prematuro
Unhas cantas con cesárea, e dor

Eu son dos que fixeron sufrir ás súas nais presuntas

Dick -chamábase Dick porque era americano-
O derradeiro ser vivo que nacera
Morreu dun ataque da tosferina
En horas previas a masacre

Era ledo i ecoloxista
Era un parvo con trinta anos
E aquel ataque sen aviso
Rematou coa súa vida
Denantes que as bombas

Sam, amigo de Dick,
Tiña a Sida e as horas contadas
Mais morreu antes de tempo
Vítima das radiacións
Que o sorprenderon no leito
Fraco coma un can
I o pelexo feito un desastre

De Inmunodeficiencia Adquirida

Nos nervios agóchase a chave
Da Historia

Os nervios son as ideoloxías
E as matanzas absolutas

Os nervios son
Esa irresistíbel atracción que por ti sinto, beibe
Ou un cáesme mal cada vez que falas

Os nervios son o teu alento detestable
E a loita de clases

Os nervios, ese número frío, baixo cero
A rabexa do vampiro

Os nervios, A temperatura
O heavy metal
A espada
A parede
(Another brick on the wall)
A vida
Os mortos
e O aborto de tres meses

Os nervios, proba impalpábel
Da escasa existencia de Deus

Os nervios, maldita sexa

Os nervios

Marta, curmá española de Sam
Morreu chorando, tal como vivira
Virxe, purísima, santificada
Branca e devota
Asasinouna o susto
Que tiña máis poder aínda que as bombas

A Lois, irmá da curmá de Sam
irmá, polo tanto, de Marte e da morte
Estraloulle un cínife nas mans
Nunha noite de insomnio

Foron enterrados a vinte pés
El e mai-lo insecto
Tamén en horas previas á masacre
Como agora fica escrito
No seu diario

Preocúpame EL ORDEN

Quixera asasinato

Cun coitelo de caos e anarquía

Incinerar o cadáver DEL ORDEN

Para espallar a súas cinzas na tumba de Stting Bull

Dous homosexuais perdéronse embaixo dun armario
Ó escoitar o ruído da primeira bomba

Tomaron polo cu dúas veces, de orgasmo
Morreron ceibes
Facendo o amor no medio da guerra

Dádeme cinco pesos e dedicareivos un poema

Dádeme mil, e un feixe deles

Dádeme un millón pola verba

Pero endexamais mercaredes o meu espírito

Sabes que sei,
Ou iso é o que cres
Compárasme cun gato
Que rabuña a traizón

Coidas que sabes que sei
Ou que ignoro a propósito
Intúes que toda a esta inxenuidade
É coma unha pantalla de cinema

Pensas que sabes que eu creo
en algo
E aínda que apalpe esta masa gris
que disque é o meu cerebro
Sospeitas que son alguén e
nembargante
Eu son tal e coma ti coidas que eu son
Sen segundas intencións
A secas
Coma un gran

O presidente deixou de xestionar
Mentres tomaba un café con xeo
E unhas pingas de caña de herbas
Mesmo ás sete da mañá
Produto dunha intoxicación en mal Estado

O presidente, o noso presidente
Suxeito desequilibrado, psiquicamente descrito
Desexo das putas nonaxenarias
Finou de obesidade triste,
Amarelo e sen afeitar
Arroutando coma un animal!
O lacón con grelos e o viño acedo

A rúa da miña casa convertérona nunha feira de gando.
Andan as ratas a todo momento okupado as aceiras e chupando o
sangue de cada cadáver que topan.

Hai un cheiro a manexo, qué sei eu, un aire, que bota para
atrás. E a consulta do médico semella, coma sempre, un cortello,
pero sen porco dentro/esterco no despacho enriba de historiais
clínicos de minusválidos que xa non valen para nada.

A rúa da miña casa é unha revolta fracasada. As terras que
deixaron de pensar amputadas pola guillotina dos
burgueses/fican mudas as campás da igrexa.

A rúa da miña casa xa non existe tal día coma hoxe.

ÚN DE XUÑO E DE XENREIRA

Axiña corro e doume presa
para chegar a ser un famoso ou unha estrela

Axiña, rápido, que non hai tempo!
Denantes que a fama me descubra
Vinte palmos baixo a terra

Acó na guerra
Non hai amigos, miña nai
Todos son proxectís que pasan asubiando
Cantigas de cadaleito

Hai homes e mulleres, miña nai
Hainos a esgallo acó na guerra
Cheiramos a cadáver fresco, e sabemos, por saber
Que morreremos mozos e ignorantes

Estou só, miña nai
Acó na guerra estou máis só que cando me masturbo
Apalpo a soidade ata cos dentes
E afógame a anguria das preguntas sen resposta

E morro comigo, miña nai
Acó na guerra morro a cada intre
Penso, e non podo, erguerme, fuxir deste inferno
E morro máis aínda
Agardo cunha desas bombas me estoupe nos fociños
E morra ben, morra de todo

Ao can de palleiro matárono a tiros
Entre catro ou cinco cazadores de sombras
Que agardaban espertos e armados ata os dentes
No lado escuro dunha lúa loba

Penetráronlle dous proxectís con cabeza atómica
No lugar onde agachaba o corazón
E outra media ducia máis
Foi desfacerlle un anaco de fígado e os riles

Ficou sen ollos, sen mirada
Sen patas nin rabo
Ficou morto, aparvado, doce
e o son da liberdade zumbando nas orellas

A o can de palleiro só lle deron dúas oportunidades
Morrer de asco, se quixera
Ou de fame

Ai, a morte!
Residíalle no duodeno dende a infancia
A morte afeitáballe o mostacho
Desprendía ghasas e fedía a diaños

Fedía a mesma morte, aquela morte
Que o tivera asombrado de por vida

Matouno a morte, aquela morte
Matouno para sempre o día menos pensado

Eu son / Eu son / Eu son
Unha agulla nun palleiro

Eu son / Eu son / Eu son
A comida, o excremento e o vómito

Eu non son / Eu non son / Eu non son
Eu non son Deus

Tampouco o seu criado

O mundo que se estaba a derrubar
Tiña a súa orixe nun calacú parlante
Que se lembraba, nas súas velleces
Do Home de Cromañón e máis Adolfo Hitler
Que nunca tal tivera a ousadía
De facerlle a autopsia a froito tan carismático
Dos nosos minifundios salvaxes

O POVO O POVO O POVO

Executou ao seu inimigo ao clarea-lo día
Mutiloulle o carallo ao violador

Deus mediante cun escape de ghas butano
E un chisquiño de aire xeadado

O POVO O POVO O POVO

Namorados, si
Xaime & Xoana LOVE estaban namorados
I eran vellos e non debían
Pero estaban

Morreron na cama nun abrazo letal
Co sexo seco
E os ollos pechados, mais
ledos

Despois de toda unha vida
Morreron namorados, a bicos
Baixo os sospeitosos efectos do tintá fémia
A noite da masacre, mentres
Afora
Tremían os montes

Eu quero ser
A daga que liquide ao sistema opresor
Quixera cravar-me nel até face-lo rebentar
E que o seu sangue desborde os ríos

Eu quixera

(Sospeitase que culpábel da masacre
Sexa un invidente
Paciente de insomnio crónico
Vítima dunha ansiedade patolóxica
Que lle ordena vivir
Nos límites da Loucura Certa

Estímase que non mida máis aló dun metro oitenta
Dous metros case que de solteiro
Tres pés de soidade ou
Tristura
En primeiro termo.

Fora un romántico en tempos
E agora é un depresivo, iso contan que
De momento
Descoñécese a súa verdadeira identidade
Se é quen a ten)

Os versos perderon a rima e a medida
Nestas fins do mundo e da pendencia
O decurso perdeu tamén o seu rumbo
E xa non hai xeito nin dereitos
Hai preguntas, Hai preguntas, Hai preguntas?

A fame dos sobreviventes das seis mil primeiras bombas
Era unha fame necesaria
De atracos aos supermercados
E roubo indiscriminado
De patas de xamón de porco

nas rúas máis perigosas
Xa se argallaran bandas foraxidas
Que despoxaban das patas de xamón de porco
Aos seus lexítimos propietarios
A tiro de pistola ou ameaza verbal

Tiveron que botar as seis mil bombas que faltaban
Para exterminar toda aquela porcallada
Na que vexetaba mundo e medio

"Si evidentemente. Manolo Rodríguez morreu atrapado na cova, cando as pedras atrancaron a única saída, Manolo Rodríguez morreu asfixiado, porque seica aguantou cinco minutos sen respirar.

Manolo Rodríguez morreu asustado, segundo o parte do médico forense que, por outra parte, non ten nin puta idea"

O AXENTE DE GARDA

Eu só son a voz min mesmo
O berro que ninguén escoita

Mais se acaso atrapades o voo dunha pomba oxidada
Sen usar

Esa é a miña voz

Xogaban os rapaces aos xogos da guerra
Con metralletas invisibles
E balas de chocolate
Montaban barricadas nos pasos de peóns
A carón das patrullas de cascos azuis que vixiaban a
cor dos semáforos

E nisto que lles caeu enriba unha bomba
E nenos que xogaban á guerra
Morreron do pesadelo do xogo
Cos miolos espallados poboando os asfalto
Eran cadáveres desfeitos
A noite da masacre

E na altura do campo de xogo
(Digo, da batalla)
Notábase un cheiro un insoportábel
Cheiro a xove morto putrefacto

Jotapunto Capunto Emepunto
de vinteseis anos de idade
Veciño do seu veciño
Clase obreira baixa
En paro
Sen estar conforme cos auxilios espirituais
Finou coa agulla da xiringa
Fincada nunha arteria con sentencia

Tiña cara de felicidade
Ou quizais de tolemia, que iso está por saberse,
Que nunca se sabe co isto da sobredose
Ou adulteración da heroína da película

Levaba catro anos dándolle ao pico
Pero iso non quer dicir que fora falador
Perdérono as nais antidrogha
Unha mañanciña na que choveu merda
Auga e merda á mesma hora
Que desghrasia!

Aínda che foi bastante listo
Desenganchou de onde penduraba a cabalo desbocado
Nas veigas vermellas da xuventude
Coas botas postas e a camisa remangada
Coma un traballador do agro
Coma un mariñeiro do Grand Sole

Documento Nacional de Identidade:
Todos contra parede!
Carguen, Apunten, Disparen!
Mortos!

A mafia de narcos

Morreu nunha barra americana sen lavar
Despachada por rameiras portuguesas
Folladas ata matar
Xusto logo de atravesar a raia

A mafia de narcos

Morreu coma matara
Nun bordel onde non caben nin as putas
Borracha de guisqui para a venda externa
E presuntamente
Ignorante do mal que fixera

A mafia de narcos

Parva de dólares, tola de cocaína
Rematou a súa travesía
Coma unha filla das putas que chuleaba
Neta da prostitución ibérica

A terra está en ser prendida en lume
Por un fato dos meus mortais inimigos
Que torturan de cotío
Cravando estacas nos corazóns dos piñeiros
I embadurnando o asfalto
De alcatrán homicida

A terra está a tallarse en cadros
Debúxana ananos terroristas residentes en estómagos
[agradecidos
Úlcera gastroenterite
Mal hepatolóxico crónico / prognóstico reservado
Está a tallarse (debúxana ananos terroristas)

A terra está a piques de desfacerse
Partida en alomenos un millón de anacos
(debúxana ananos terroristas)
Vai perderse en sobredose
De medo ao descoñecido, o medo
Que invade os cuartos de estar das clases medias

A terra está a ser esquecida
Mesmo, vai ti a saber,
Colouse polo burato do bolsillo
(debúxana ananos terroristas)
E non hai chan nin terra firme xa
Non hai quen escoite e faga caso
Dos berros desta terra que agoniza

Se hei de morrer por amor á Arte
Que me sepulten nun cadro de Van Gogh
Nese desastre natural
Do seu autorretrato